

RUTA DO AZÚMARA

Tipo de percorrido: Lineal
Lonxitude: 7 km
Duración estimada: 2,5 horas aprox.
Dificultade: Baixa

Senda lineal que se percorre máis doadamente comezando dende o Museo Arqueolóxico do Castro de Viladonga, circunstancia que debe ser aproveitada para visitar unha das referencias da vida castrexa en Galicia. Dende aquí, descenderemos gozando dunha espectacular panorámica de A Terra Chá, do Val de Francos e da Serra de Meira; pouco a pouco chegaremos ata o lugar de Monelos, onde contemplaremos un espectacular conxunto de arquitectura civil composto polo Pazo de Fontexón, a casa anexa e o muíño. Sen esquecer, a escasos metros da ruta, a igrexa de San Xoán de Azúmara.

Avanzando polo curso do río Azúmara chegaremos á antiga mina de arsénico na que ademais da boca da mina aínda se pode ver, paralelo a noso sendeiro, o longo e profundo canal que conducía a auga ata a mina e onde aínda se poden apreciar depósitos de pirita no barro. Desta mina chegou-se a sacar prata, e a lenda asegura que segue escondendo ouro nas súas entrañas.

Seguiremos descendendo ata chegar ó final da ruta no conxunto histórico de Castro de Rei, que aproveitaremos para visitar.



PONTE Ó LONGO DA RUTA



SINALIZACIÓN NA RUTA

Senda lineal que se recorre máis facilmente empezando desde el Museo Arqueológico del Castro de Viladonga, ocasión que debe ser aprovechada para visitar una de las referencias de la vida castreña en Galicia. Desde aquí, descenderemos gozando de una espectacular panorámica de A Terra Chá, del Valle de Francos y de la Sierra de Meira; poco a poco llegaremos hasta el lugar de Monelos, donde contemplaremos un espectacular conjunto de arquitectura civil compuesto por el Pazo de Fontexón, la casa anexa y el molino. Sin olvidar, a escasos metros de la ruta, la iglesia de San Juan de Azúmara.

Avanzando por el curso del río Azúmara llegaremos a la antigua mina de arsénico en la que además de la boca de la mina aún se puede ver, paralelo a nuestro sendero, el largo y profundo canal que conducía el agua hasta la mina y donde aún se pueden apreciar depósitos de pirita en el barro. De esta mina se llegó a sacar plata, y la leyenda asegura que sigue escondiendo oro en sus entrañas.

Seguiremos descendiendo hasta llegar al final de la ruta en el conjunto histórico de Castro de Rei, que aprovecharemos para visitar.

OS ESPAZOS NATURAIS PROTEXIDOS

Os municipios de Castro de Rei e Outeiro de Rei forman parte integrante da "Reserva da Biosfera Terras do Miño". A especial conservación destes espazos, o equilibrio entre a conservación do patrimonio cultural e natural, o seu uso de maneira sostible no tempo e a especial convivencia entre home e natureza fixo desta zona merecedora deste recoñecemento por parte da UNESCO.

Dentro de Natura 2000, rede de espazos naturais a escala da Unión Europea relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestre co obxecto de salvagardar os espazos naturais máis importantes de Europa, os concellos de Castro de Rei e Outeiro de Rei forman parte de catalogacións e recoñecementos de gran importancia como o de Zona de Especial Conservación (ZEC) PARGA-LADRA-TÁMOGA. O denominado complexo húmido da Terra Chá comprende esta parte da conca alta do Miño, onde recibe ós afluentes principais pola beira dereita: o Ladra, co seu tributario o Parga, o Támoga e o Narla, así entre moitos outros leitos como o Labrada, o Trimaz ou o Madalena.



RÍO AZÚMARA



ENTRADA Ó CASTRO



TRAMO DA RUTA

Los municipios de Castro de Rei y Outeiro de Rei forman parte íntegramente de la "Reserva de la Biosfera Terras do Miño". La especial conservación de estos espacios, el equilibrio entre la conservación del patrimonio cultural y natural, su uso de manera sostenible en el tiempo y la especial convivencia entre el hombre y la naturaleza hizo de esta zona merecedora de este reconocimiento por parte de la UNESCO.

Dentro de Natura 2000, red de espacios naturales a escala de la Unión Europea relativa a la conservación de los hábitats naturales y de la fauna y flora silvestre con el objeto de salvaguardar los espacios naturales más importantes de Europa, los ayuntamientos de Castro de Rei y Outeiro de Rei forman parte de catalogaciones y reconocimientos de gran importancia como el de Zona de Especial Conservación (ZEC) PARGA-LADRA-TÁMOGA. El denominado complejo húmido de la Terra Chá comprende esta parte da cuenca alta del Miño, donde recibe a los afluentes principales por el margen derecho: el Ladra, con su tributario el Parga, el Támoga y el Narla, así entre muchos otros lechos como el Labrada, el Trimaz o el Madalena.

CONXUNTO HISTÓRICO CASTRO DE REI B.I.C.

No século XVI foi erguido o castelo de Castro de Rei, que lle deu nome, brasón e escudo á vila. O castelo, que co núcleo de poboación, estivo rodeado de murallas, conservouse en pé ata 1941, ano no que desapareceu. O alto no que se encontra o núcleo primitivo da vila foi un castro rodeado polos ríos Azúmara e Torneiros, conserva restos das antigas defensas e da fortaleza. No ano 1971 foi declarado conxunto histórico e paraxe pintoresca.



CONXUNTO HISTÓRICO CASTRO DE REI

En el siglo XVI fue levantado el castillo de Castro de Rei, que le dio nombre, blasón y escudo a la villa. El castillo, que con el núcleo de población, estuvo rodeado de murallas, se conservó en pie hasta 1941, año en el que desapareció. El alto en el que se encuentra el núcleo primitivo de la villa fue un castro rodeado por los ríos Azúmara y Torneiros, conserva restos de las antiguas defensas y de la fortaleza. En el año 1971 fue declarado conjunto histórico y paraje pintoresca.



CASTRO DE VILADONGA

O CASTRO DE VILADONGA

O castro de Viladonga, declarado Ben de Interese Cultural pola Xunta de Galicia no ano 2009, destaca na paisaxe da Terra Chá lucense. No museo do propio castro, situado ó seu carón, expoñense parte das pezas achadas nas escavacións pola súa importancia arqueolóxica e histórica.

O xacemento, visitable todo o ano, xa que é unha escavación a ceo aberto, é un verdadeiro modelo formal de castro característico do noroeste, con varias murallas e fosos, que albergan dous antecastros ou aterrazamentos e unha ampla croa central. Neste recinto principal é onde se atopan a maioría das construcións descubertas ata agora: vivendas, currais, almacéns, algún edificio de uso social ou comunal etc., agrupadas formando conxuntos ou "barrios" que se articulan en torno a dúas rúas principais e un camiño ou rolda paralela á muralla principal. As estruturas defensivas e de habitación e os materiais que proporciona este xacemento arqueolóxico evidencian que este castro tivo unha ocupación duradeira, sobre todo entre os séculos II e V da nosa era.

El castro de Viladonga, declarado Bien de Interés Cultural por la Xunta de Galicia en el año 2009, destaca en el paisaje de la Terra Chá lucense. En el museo del propio castro, situado al lado, se exponen parte de lo encontrado en las excavaciones por su importancia arqueológica e histórica.

El yacimiento, visitable todo el año ya que es una excavación a cielo abierto, es un verdadero modelo formal de castro del noroeste, con varias murallas y fosos, que albergan dos antecastros o aterrazamientos y una amplia croa central. En este recinto principal es donde se encuentran la mayoría de las construcciones descubiertas hasta ahora: viviendas, corrales, almacenes, algún edificio de uso social o comunal etc., agrupadas formando conjuntos o "barrios" que se articulan en torno a dos calles principales y un camino o ronda paralela a la muralla principal. Las estructuras defensivas y de habitación y los materiales que proporciona este yacimiento arqueológico evidencian que este castro tuvo una ocupación duradera, sobre todo entre los siglos II y V de nuestra era.

RUTA DO AZÚMARA

AS RUTAS DE SENDEIRISMO DE
AS PAISAXES DA AUGA

OUTEIRO DE REI



CASTRO DE REI

AS RUTAS DE SENDEIRISMO DE AS PAISAXES DA AUGA

OUTEIRO DE REI




CASTRO DE REI

RUTA DO AZÚMARA

Inicio:
MUSEO do CASTRO DE VILADONGA
Fin:
ÁREA RECREATIVA do RÍO AZÚMARA

Dificultade:
BAIXA
Duración estimada:
2,5 horas

7
km



RUTA DO AZÚMARA

Otras / Outras Rutas

--- Ruta da Escrita

Carreteras / Estradas

— Estatales / Estatais
— Autonómicas
— Provinciales / Provinciais
— Municipales / Municipais
- - - Caminos / Camiños

Recursos Turísticos

- 1 Iglesia/Igrexa de San Juan de Castro de Rei
- 2 Conjunto/Conxunto Histórico de Castro de Rei
- 3 Caseta del Pulpo y Campo de la Feria _ 100m
- 4 Área Recreativa del Río Azúmara _ 400m
- 5 Centro de Salud/Centro de Saude _ 350m
- 6 Ayuntamiento/Concello
- 7 Parque Biosaludable/Biosaudable _ 400m
- 8 Área de autocaravanas y aparcamiento _ 320m
- 9 Mina de arsénico
- 10 Iglesia/Igrexa de San Juan de Azúmara _ 200m
- 11 Pazo de Fontexón
- 12 Crucero/Cruceiro de Santa María de Ramil _ 1,2km
- 13 Iglesia/Igrexa de Santa María de Ramil _ 1,2km
- 14 Limosnero/Peto de Ánimas de Balmonte _ 750m
- 15 Iglesia/Igrexa de San Salvador de Balmonte _ 750m
- 16 Castro de Viladonga _ 100m
- 17 Museo del Castro de Viladonga
- 18 Iglesia/Igrexa de Santiago de Viladonga _ 2km

0 0,15 0,3 0,6 0,9 1,2 1,5 Km

